



NOTA SERGAS -SOGARMEF

DÍA MUNDIAL DO ICTUS

Con motivo do día mundial do Ictus 2020. O SERGAS a través da súa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e a SOGARMEF (Sociedade Galega de Medicina Física e Rehabilitación) queren resaltar o traballo de colaboración que están a realizar para mellorar a atención aos doentes con Ictus en Galicia.

Estase a traballar en diferentes aspectos, entre os que se destacan o proxecto de reordenación na atención hospitalaria ao Dano Cerebral nas Áreas Sanitarias Galegas, e no desenrolo dun Proceso Asistencial Integrado (PAI) para o Dano Cerebral en estreita colaboración entre os citados SERGAS e SOGARMEF ademais de FEGADACE (Federación Galega de Dano Cerebral), SGN (Sociedade Galega de Neuroloxía) e a Consellería de Política Social.

SERGAS. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria
SOGARMEF. Directiva

Santiago de Compostela 29 de outubro de 2020